

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Catoira, en sesión celebrada o día 30 de decembro último, adoptou acordo de aprobación inicial da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar.

De conformidade co disposto no artigo 49 da lei 7/1985, de 2 de abril, o expediente sométese a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días, durante os cales poderán presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

Catoira, 2 de Xaneiro de 2014.—O Alcalde-Presidente, Alberto García García.

2014000089

* * *

O G R O V E**E D I T O**

Resultando descoñecidos os domicilios de herdeiros de Antonio Pose Castiñeiras e de herdeiros de Francisco García Bea, que figuran como concesionarios de sendas tubarias de auga na zona portuaria do Porto do Grove, para cumprimento do establecido no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, notificase a ditos interesados mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do seguinte acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de decembro de 2013:

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DO PORTO DO GROVE E A TOXA

Recibido da Consellería do Medio Rural e do Mar o proxecto de “ Plan Especial del Puerto de O Grove y A Toxa. TM. de O Grove, Pontevedra ” para a súa tramitación.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1.— Aprobar inicialmente o Plan Especial do Porto do Grove e A Toxa promovido polo Ente Público Portos de Galicia.

2.— Someter dito documento ao trámite de información pública por prazo dun mes, a contar dende a publicación do correspondente edito no Diario Oficial de Galicia, publicándose así mesmo anuncios en dous xornais dos de maior difusión na provincia e no taboleiro de editos do Concello do Grove.

3.— Ordenar a dilixencia dos documentos.

4.— Notificar o presente acordo aos interesados no procedemento.

5.— Solicitar os informes sectoriais necesarios para a tramitación do expediente.

Durante o período de información pública o documento aprobado poderá ser consultado nas oficinas de secretaría municipal na Rúa Cándido Acuña número 3 de O Grove en horario de laboral e na páxina web do Concello do Grove, www.concellodogrove.com. As alegacións presentaranse no rexistro xeral do Concello do Grove no mesmo enderezo anteriormente citado”

O Grove, a 26 de decembro de 2013.—A alcaldesa acctal., Julia Aida Filgueira Pérez.

2014000054

* * *

M A R Í N**A N U N C I O**

Por non resultar posible practicar a notificación persoal ao interesado no lugar indicado como domicilio, por medio do presente anuncio e conforme ó disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notificaselle a FLORA JIMÉNEZ GABARRY, con dni 36.080.838-W, e domicilio en Vigo, rúa Aragón, 209 – Ptal. 2 – 8º V, a proposta de sanción de data 18.11.13 no expediente sancionador 28/13-BRO, que se traslada literalmente: